



**En cumprimento do disposto no artigo 43 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administracións xeral e do sector público autonómico de Galicia, este órgano emite o seguinte,**

**Informe sobre o Proxecto de orde pola que se modifica a Orde do 1 de abril de 2016, pola que se fixan os prezos privados correspondentes á prestación de servizos nas instalacións xuvenís e a expedición de carnés dirixidos á mocidade, xestionados pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado**

### **1º.- Marco competencial autonómico, obxecto da disposición e estrutura.**

A Consellería de Política Social é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde, de conformidade co Estatuto de Autonomía e a Constitución Española, propoñer e executar as directrices xerais do goberno nos ámbitos laboral e do benestar, o que engloba as competencias en materia de servizos sociais, incluíndo as políticas de xuventude e voluntariado, de conformidade co Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que establece a súa estrutura orgánica.

No que atinxe á competencia da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, órgano de dirección da consellería, correspóndelle a xestión das actuacións en materia de xuventude, das políticas xuvenís de carácter interdepartamental e de apoio ao desenvolvemento da actividade xuvenil, así como o fomento da participación da mocidade na vida social.

No *Diario Oficial de Galicia* número 67, do 8 de abril de 2016, publícase a Orde do 1 de abril de 2016, pola que se fixan os prezos privados correspondentes á prestación de servizos nas instalacións xuvenís e á expedición de carnés dirixidos á mocidade, xestionados pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. A dita orde ten por obxecto así, a fixación dos prezos exixibles pola prestación de servizos e actividades en campamentos, albergues, residencias e demais instalacións de xuventude, xestionados polo dito órgano de dirección e os relativos á expedición do carné xove, carné de alberguista nas súas diferentes modalidades e carnés TIVE.

Posteriormente, no *Diario Oficial de Galicia* número 3, do 4 de xaneiro de 2018, publícase a Orde do 28 de decembro de 2017, pola que se modifica á dita Orde do 1 de abril de 2016. A dita orde revisa os prezos correspondentes ao carné da alberguista a través da modificación do Anexo II motivada pola baixa dos prezos aprobada pola Red Española de Albergues Juveniles (REAJ) en assemblea extraordinaria o 7 de febreiro de 2017 como consta na xustificación que se xunta ao anteproxecto que se analiza.

Cómpre agora, iniciar a tramitación dunha nova modificación que consiste na determinación do prezo/día en relación ás actividades que figuran no Anexo. A.2 e especificamente nos apartados 1 e 2 referidos aos campamentos e albergues. O motivo da modificación, como consta nas memorias que acompañan ao proxecto, ten a súa causa na duración das quedas das actividades (doce e oito días). Ata agora, os prezos determinábanse pola dita duración mais a previsión da programación das actividades con distinta duración a indicada leva consigo a necesidade da modificación do sistema da determinación do prezo optando por prezo/día.

De conformidade coa técnica modificativa, o proxecto da orde, tras o título e a parte expositiva, comprende un artigo único que recolle a modificación do Anexo I.A.2 apartados 1 e 2 e unha disposición derradeira única coa entrada en vigor. Mantense o apartado 3 do dito Anexo

### **2º.- Procedemento de elaboración de disposicións de carácter xeral. Tramitación do proxecto da orde.**

Tras o acordo da persoa titular da Consellería de Política Social, aos efectos de iniciar a tramitación, xunto co texto do anteproxecto da orde a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado achega a seguinte documentación:





- Texto do anteproxecto de orde.
- Memoria xustificativa
- Memoria económica abreviada.

Xustificada a exención da consulta previa, tras o informe do servizo de apoio técnico-xurídico, a persoa titular da consellería aproba inicialmente o proxecto da orde, procedendo á súa publicación para coñecemento e suxestións no Portal de transparencia (artigo 41.4 da Lei 16/2010, do 17 de decembro). Non consta recepción de suxestión a través do dito canle.

Na fase intermedia da tramitación, o proxecto foi sometido ao informe da sostibilidade financeira emitido pola Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos o 14 de decembro de 2018 de xeito favorable.

Dado que o contido do proxecto non ten repercusións en cuestión de xénero, no precisa do informe sobre o impacto de xénero.

Nesta fase, acordase a apertura da información pública a través do Anuncio do 18 de decembro de 2018 sen que conste presentación de comentarios, suxestións ou observacións ao proxecto.

Finalizada a fase intermedia o expediente elevarase ao informe da Asesoría Xurídica que pronunciase de xeito favorable ao proxecto con data 29 de xaneiro de 2019.

### 3º.- Legalidade.

De conformidade co exposto, o proxecto elevarase á aprobación da persoa titular da Consellería de Política Social.

De acordo co indicado considerase que este proxecto de orde, reúne as condicións esenciais para a súa aplicación e efectividade polo que se emite a seguinte, PROPOSTA:

Informar favorablemente este proxecto da Orde pola que se modifica a Orde do 1 de abril de 2016, pola que se fixan os prezos privados correspondentes á prestación de servizos nas instalacións xuvenís e a expedición de carnés dirixidos á mocidade, xestionados pola dirección xeral de xuventude, participación e voluntariado, conforme a súa legalidade.

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital do informe

O subdirector xeral de Coordinación Administrativa

A persoa titular da Secretaría Xeral Técnica, logo de ver a proposta do subdirector xeral de coordinación administrativa, considera que o proxecto da orde pola que se modifica a Orde do 1 de abril de 2016, pola que se fixan os prezos privados correspondentes á prestación de servizos nas instalacións xuvenís e a expedición de carnés dirixidos á mocidade, xestionados pola dirección xeral de xuventude, participación e voluntariado se axusta á legalidade vixente, **polo que o informa favorablemente.**

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital do informe

A secretaria xeral técnica

